

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 4 de novembro de 2022, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1280-322) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 27 de outubro de 2022, concedeu aos seguintes licitadores un prazo de tres días para que emendasen a documentación persoal.

1. EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L.: En concreto e tendo en conta que presentou o Anexo III indicando que concorre con solvencia de un terceiro (ASOCIACIÓN VODEA) é necesario que
 - Presenten un novo DEUC asinado dixitalmente coa parte II "Información sobre o operador económico" correctamente cumprimentada, dado que no DEUC presentado á pregunta "Baséase o operador económico na capacidade doutras entidades para satisfacer os criterios de selección contemplados na parte IV e os criterios e normas (no seu caso) contemplados na parte V, máis abaixo?" contesta que NON.
 - Presenten un DEUC cumprimentado e asinado dixitalmente pola devandita ASOCIACIÓN VODEA dacordo coa cláusula 14.2.A do PCAP.
2. AVADA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA: En concreto presentar un novo Anexo II no que aclare se vai a subcontratar servidores xa que no Anexo II enviado faise referencia á posible subcontratación de servizos e non de servidores de datos. Asemade, si realmente hai intención de subcontratar estes servidores, habería que incluír con qué empresa se subcontratarán e a ubicación dos devanditos servidores tal é como establece o artigo 122.2 LCSP .

Notificada o requirimento o día 31 de outubro de 2022 e presentada a documentación correctamente en prazo por EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L. , o día 3 de novembro de 2022, e por AVADA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, o día 2 de novembro de 2022, a Mesa acorda, por unanimidade admitir neste procedemento a ambos os dous licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.



Copia do documento - Concello de Vigo
1280-322

Data impresión: 09/11/2022 12:34 Páxina 1 de 2
CSV: A9A7BC-4C282B-4HDHC8-36NKPZ-8E26QP-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1280-322)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/11/2022 12:34	Páxina 2 de 2
1280-322	CSV: A9A7BC-4C282B-4HDHC8-36NKPZ-8E26QP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		